

### **INTRODUCCION**

Todo comezou un serán de inverno na clase de galego tra-la lectura do texto titulado “Segredo do tío Cornelio”, fragmento do libro “Cartas desde o meu muiño”, de Alphonse Daudet. O tema principal xiraba entorno ó abandono dos muiños tradicionais por mor da industria, o cal deunos pé para iniciar un debate sobre os muiños: tipos que hai, partes de que constan, o seu funcionamento.... decatándonos da nosa ignorancia ó respecto.

A aventura comezaba. Era precisa a investigación, pois axiña comprobamos que vivimos nunha zona na que abundan os muiños, e aínda que na actualidade presenten en xeral un pésimo estado de conservación, non podíamos esquecer-la súa importancia na economía de hai poucos anos.

O punto de partida foi a desembocadura do río Orxas. Dende alí, e seguindo a súa canle, atopamos once muiños, algúns deles non moi doados de localizar, ó estaren tan cubertos de vexetación que parecían esconderse de nós.

Foi necesaria e moi de agradecer a colaboración dalgúns veciños para coñecer certos datos de interese que non conseguiríamos doutro xeito.

Así foi como convertidos en muiñeiros ocasionais ocupámonos cada quen do seu muiño, chegando a aprender moitas cousas, como por exemplo que tódolos muiños que estudiamos tiñan rodicio horizontal, que os seus tellados son... que a canle, o cubo, a moa,.. ¿tedes curiosidades.. Pois lede atentamente estas páxinas.

### **PARTES DUN MUIÑO E O SEU FUNCIONAMENTO**


A auga chega ata o muiño pola CANLE e entra no CUBO. Na entrada de este colócase unha GRADILLA ou CANIZO, para impedir a penetración de obxectos que poidan atuír a SATEIRA, parte estreita do final do cubo, que permite a saída da auga a maior presión.

A PA é unha especie de comporta que accionada dende o interior do muiño, abre ou pecha o paso da auga pola sateira.

O RODICIO, chamado aquí REDUSIO é unha roda formada por culleres ou pas de ferro. Ten un eixo con dúas partes: a inferior chamada VEO ou CANA é de madeira e remata nunha punta de ferro chamada GRILO. Esta peza xira sobre outra colocada enriba dunha viga, o ARRIEIRO, que serve de apoio ó rodicio. A parte superior do eixo é de ferro e atravesa as pedras de trituración PE e MO ou MOA. A peza que une esta coa veo chámase SEGORELLA.

A auga que sae con forza pola sateira fai move-lo rodicio que transmite este movemento tamén á mo, facéndoa xirar sobre o pé. Colgada sobre a mo, está a MOEGA, que é un caixón de madeira onde se bota o gran. Ten un pequeno canal de saída chamado QUENLLA, que dá xusto sobre o burato central da mo, onde cae o gran para introducirse entre esta e o pé para ser triturado e convertido en fariña. Para que o gran saia hai que darlle un movemento á moega, polo que se coloca unha peza en forma de vara ou fuso chamada TARABELO ou CACAREXO entre a moega e a mo. Ó xirar esta produce unha vibración na moega a través do cacarexo, que fai cae-lo gran.

A fariña vai caendo no chan do muíño, onde se recolle cunha vasoira e unha pa pequena. A que cae pegada ó pé é unha fariña moi fina. Chámase OLEO, e empregábase na alimentación dos nenos pequeniños. O resto é a propia fariña que hai que peneirala para separa-la casca do gran.





- |            |                        |
|------------|------------------------|
| 1 CANLE    | 9 ELEVADOIROI          |
| 2 CANIZO   | 10 VEO, CANA           |
| 3 CUBO     | 11 SEGORELLA           |
| 4 SATEIRA  | 12 MO, MOA             |
| 5 PA       | 13 PE                  |
| 6 RODICIO  | 14 QUENLLA             |
| 7 GRILO    | 15 MOEGA               |
| 8 ARRIEIRO | 16 TARABELO, CACAREXO. |

A fariña pode estar moi moída ou máis viva ou brava. Isto depende do grado de espesura das pedras. Canto máis ásperas estean, mellor moerán. Tamén depende do espazo que se deixe. As moas vanse gastando continuamente xa que cada certo tempo hai que sacalas e picalas xunto co pé, para facerlle un gran máis forte.


No verán, cando hai pouca auga no río, pónselle ó muiño outras mos delgadas, xa que ó ser máis lixeiras poden moverse doadamente con pouca forza da auga, pero tardan máis tempo en moer. No inverno colócanse as grosas, porque no mesmo tempo moen maior cantidade de gran.

### **PARTICULARIDADES DESTES MUIÑOS**

- Teñen todos planta rectangular.
- Están divididos en dúas partes, separados por un tabique, que pode ser de madeira, ou de ladrillo.
- No interior, onde están os aparellos do muiño, denomínase aquí "TREMILLADO". A outra da entrada chámanlle "COCIÑA", xa que ó parecer había o costume de facer durante as muiñadas uns bolos de pan, coa fariña que saía do muiño.
- A súa construción é de pedra, pero só en poucos casos as pedras son grandes e de boa sillería. A maior parte están feitas con paredes grosas de pedras pequenas.
- As paredes están rematadas cunhas pedras planas que forman o chamado "PENAL" ou "sobrepedra".
- Teñen todos o tellado coa cuberta a unha soa auga.



- Moitos teñen unha longa canle, estreita, feita en pedra.
- Atopamos dous tipos de "cubos":
  - a) De caída vertical, que é o predominante.
  - b) De caída en rampla.
- As xanelas poden ser de varios tipos:




- a) Un simple burato entre as pedras da parede.
- b) Xanela de forma xeométrica, ben rematada, cos seus rasgos correspondentes, onde leva unha fiestra de madeira.
- c) Xanela cadrada, tapada polo interior cun vidro.
- c) Xanela na cuberta do tellado, sobre os elementos de moer.
  - Algúns presentan no lintel da porta, tanto polo exterior como polo interior, sinais, ou cruces gravadas sobre a pedra.

## RELACIÓN DE MUIÑOS

1. Muíño da Ponte de S. Cibrán.	5. Muíño da Granxa.	9. Muíño do Pontillón.
2. Muíño da Fonte do Frondual.	6. Muíño de Nores.	10. Muíño do Remuíño.
3. Muíño de Besada.	7. Muíño da Lama.	11. Muíño de Campos.
4. Muíño de Xangarello.	8. Muíño da Estivada.	


## MUIÑO DE BESADA



## MUÍÑO FONTE DO FRONDUAL

Este muíño está situado dentro da finca dos Condes de Aldán, xa que eles son os donos. Para chegar ata el subimos pola estrada que parte fronte á Torre de Aldán, a carón do lavadoiro e aproximadamente a uns 25 ou 30 metros penetramos por unha pequena porta que había na muralla da finca. Un pouco máis adiante atopamos o muíño.

Está totalmente cuberto de vexetación, soamente podemos distinguir as paredes do Norte e do Sur que nos indican que ten un tellado a unha soa auga.






## MUÍÑO DE XANGARELLO

É o único de todos os muíños que está en estado de funcionamento. Fai uns anos foi arranzado por un grupo de herdeiros de Herbello, dirixidos por José Santomé.


Substituíron o tradicional tellado de madeira e tellas por unha moderna placa de formigón, cunha innovación: unha xanela nela, que permite a entrada da luz cenital sobre o pé e moa do muíño.

O cubo está limpo e pódese baixar ó seu fondo por una buratos feitos na pedra para poder apoiar pes e mans. É un dos exemplos máis claros de este tipo de cubo de caída vertical.

A porta é metálica; o mesmo que o caneiro, que é de barras de ferro.



## MUÍÑO DE REMUÍÑO



Está situado no Piñeiro pero moi preto das casas, a beira dun lavadoiro, e do camiño que vai cara Herbelo e á Estivada.

O edificio atópase cuberto de vexetación, sobre todo hedras e silvas. Só permanece algo descuberto polo norte e polo sur. Está abandonado, e non ten porta. O tellado é a unha auga, e o "CUBO" é de caída vertical e moi grande, aínda que a canle é ancha.


Polo leste, o ollo do rodicio apenas é visible xa que se atopa bastante soterrado, e o resto da parede xa está oculta por salgueiros e maleza.

Con dificultade, por mor das silvas que cobren a entrada, conseguimos entrar no seu interior.

Alí podemos observar dúas estancias separadas cun tabique de madeira, apoiado nunha ringleira de pedra de aproximadamente medio metro de altura.

Na parte do tremiñado, contemplamos o pé coa roda da moa, a moega media podre, tirada no chan, e o fuso de ferro, para ergue-la moa. Ollamos, tamén, os restos dun faiado. A xanela, está moi ben feita e ten unha fiestra de madeira. Na porta hai tamén algúns sinais gravados.

### MUÍÑO DE NORES



Está rodeado dunha fermosa fraga, onde aínda abundan árbores de vexetación autóctona como grandes e vellos carballos e algún que outro castiñeiro. Hai tamén algún eucalipto e piñeiros.


O edificio está abandonado, sen tellado, (só queda unha trabe) e cuberto de vexetación.

Na fachada orientada oeste, ten aporta, o ollo do rodicio e o pousadeiro. Na parede do Sur hai una porta tapiada e unha pequena escanela.

No interior distinguimos tamén as dúas estancias separadas por un tabique de ladrillo de dous metros de altura. No "tremiñado" consérvase o pé e a mesa.

### MUÍÑO DE LAMA

Está semicuberto de vexetación. Sobor de todo polo poñente onde a maleza cubre toda a canle e o cubo. Chamamos a atención que existe un anaco, que serve de acceso ó edificio.



Tamén hai unha pequena ponte formada por dúas longas pedras que cruza o río a carón do muiño.

No seu interior, como a maioría, ten dúas partes. Nada entrada ten unha pedra para sentarse, e máis arriba, hai coma a metade dunha moa incrustada na parede.

Na outra parte consérvase o pé, a moa, a moega carcomida tirada no chan e o fuso do tempero. O tellado esta derruído e observamos restos dun faiado de madeira.

Na parede este hai unha fiestra de madeira moi ben feita.

## PROPIEDAD E USO DOS MUIÑOS

A maior parte dos muiños existentes na parroquia son de "herdeiros". A propiedade vaise fragmentando en número de horas, segundo o número de herdeiros. Por mor disto non é doado coñece-los propietarios destes muiños. Moitas veces a cantidade é tan elevada que algúns teñen doce horas para moer cada 28 días, como lle acontece a Dona Pilar Gago no muiño de Remuíño.

Non existe en si o oficio de muiñeiro. Haino só nos casos de se-lo muiño dun único dono, como os do Conde.

Estes muiños tiñan un muiñeiro ou caseiro, xa que tamén se encargaban doutros labores, como atende-la terra. Moían o seu millo, ou o de quen requirise os seus servicios e cobraban en cartos ou coa "maquía". Este sistema consiste en cobra-lo traballo tomando unha porción do gran que traen para moer. Medíase cunha cestiña chamada 'cunca', que tamén se empregaba como medida de compra-venda.

No caso dos muiños de herdeiros, cada un moe o seu propio gran. Van rotando a chave da porta, segundo lles toque moer. Isto facía frecuentes as avarías, ó anda-lo manexo do muiño en mans de moitos. Os gastos que ocasionaba o mantemento repartíanse tamén de forma proporcional á propiedade que cada un ten.

Había un día da semana -xeralmente o sábado- adicado ás reparacións das avarías, picado das pedras, reposición de pezas...

## **DECAEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DOS MUIÑOS**

Segundo estudos feitos, sabemos que estes muiños do río Orxás tiveron unha grande actividade dende o século XVI, sendo o seu apoxeo, ou esplendor no século XVIII, coa implantación forte do millo. No muiño da Ponte de San Cibrán no lintel da porta aparece a data de 1773.

Tódolos muiños son de pedras “NEGREIRAS” (para moer centeo e millo) é dun só rodicio, a diferenza dos do río Bouzós onde polo seu maior caudal hai muiños de dúas e tres rodas.

O decaemento económico actual é debido a:

- Cambio na alimentación. O pan de millo deixou de se-la base da alimentación en favor do pan de trigo.

- Minguou a cabana gandeira, consumidora tamén de parte destas fariñas.

Desapareceron os bois, e apenas quedan vacas, que agora teñen pensos como alimentación complementaria.

- Cambio do sistema de vida, abandono do agro, en favor da industria e servicios.
- Introducción de muiños eléctricos.

## **COSTUMES, FOLKLORE E LITERATURA**

O muiño, foi sempre un lugar de relación entre veciños. Ás muiñadas acudían mulleres e homes sendo os mozos os que máis participaban. No muiño dábanse citas, e nel tiñan lugar moitas das súas relacións. Xeralmente as muiñadas eran de noite e tiveron o sentido de reunión festiva. Destes feitos xurdiu unha grande cantidade de literatura popular: cantigas, bailes, crenzas...

Outro costume a destacar son os sinais gravados na pedra dos muiños, sobre todo as feitas nos linteis das portas. Aquí, en Aldán, atopamos moitas no muiño da Ponte, lugar onde abundan as cruces na porta, e outras gravadas no interior da parede que forma o cubo.

Segundo informacións populares, estas cruces facíanse para escorrentar ás meigas e trasnos. O máis fiable é, que aparte das marcas dos canteiros, os demais eran feitos para ir matando o tempo, mentres agardaban a que o muiño rematase de moer.

(Publicado en “Festas de Cangas”. Agosto 1992)